



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 10/2018

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E NOVE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

En Ordes, a vinte e nove de novembro de dous mil dezaeito.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de **D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES**, Alcaldesa en funcións (Decreto delegación de competencias de data 28/11/2018), e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- MANUEL REGOS BOQUETE
- MANUEL IGLESIAS VIEITES
- PABLO VIDAL RÍOS
- PAULA CASTENDA BLANCO
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL

Non asiste:

- JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO
- LEONCIO GÓMEZ LIÑARES

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Pola Sra. García Gómez, concelleira delegada de Servizos Sociais, procédese a dar lectura a seguinte declaración institucional que asinan todos os concelleiros da Corporación, que se transcribe a continuación:

DECLARACIÓN DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

Hai máis de 30 anos que, desde a Federación Española de Municipios e Provincias, como representante dos intereses e preocupacións das Entidades Locais, amosamos o noso compromiso cos principios de igualdade, seguridade, liberdade, integridade e dignidade inherentes a todos os seres humanos e, ano tras ano, manifestamos a nosa máis absoluta repulsa ante calquera forma de violencia e intimidación.

En consecuencia, con motivo da conmemoración do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, queremos dar voz á perseveranza e ao incansable esforzo que as Corporacións locais do noso país levan a cabo día a día. Hoxe amosamos a nosa solidariedade e sentir con todas as persoas que, de forma directa ou indirecta, son vítimas dunha lacra enraizada no máis profundo da nosa sociedade.

Unha sociedade que, aos seus 40 anos de democracia, aínda non foi capaz de alcanzar a igualdade real entre homes e mulleres, reclama deixar de ser valente, para empezar a ser libre.

Cando se contan por milleiros as vítimas que sofren cada día o quebranto da maior violación dos Dereitos Humanos, as Entidades Locais reafirmamos a nosa repulsa ante cada unha das manifestacións machistas, por inofensivas que parezan, así como a nosa condena absoluta ás agresións e aos asasinatos que fracturan a paz nos nosos territorios.

Poñémonos ao lado de quen suplica e reclama, desde a desesperación, estratexias de sensibilización e prevención, atención, asesoramento, acompañamento e protección, sempre desde perspectivas integrais, que as liberen da ameaza e do horror, e facemos un chamamento para que sexamos capaces de avanzar no cumprimento do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, folia de ruta obrigada e compromiso ineludible coa cidadanía.

Os Concellos, Deputacións, Cabidos e Consellos Insulares reunidos na FEMP reafirmamos o noso compromiso para seguir impulsando políticas que garantan os dereitos das mulleres e dos menores co obxectivo de conseguir unha sociedade libre de medo e para iso:

- Invitamos a todas as Entidades Locais a adherirse a esta Declaración e sumámonos a todas as voces que reclaman o fin da violencia de xénero, obstáculo insalvable no camiño cara a unha sociedade na que homes e mulleres vivan en liberdade e igualdade real.
- Esiximos a aplicación das medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, por ser o resultado do máximo consenso político e técnico, itinerario inherente á construción dunha sociedade madura e autónoma.
- Recordamos que o asasinato é a última manifestación atroz da violencia de xénero pero que comeza moito antes, escondéndose detrás de feitos sociais aceptados e fundamentados en crenzas e comportamentos con base estrutural e cultural; situacións, todas elas, que alimentan unha desigualdade real entre mulleres e homes que se traslada nunha relación de subordinación e subsidiariedade dunhas respecto a uns e que fractura convivencia e a paz dunha sociedade que clama por un futuro sen medo.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

- Recoñecemos os avances que as administracións vimos realizando en prol da sensibilización de quen continúa instalado en estereotipos desfasados e arcaicos e comprácenos ser testemuñas do incremento de voces que chaman e esixen o fin dun despropósito que se cobrou incontables vidas.
- Destacamos a necesidade de educar en igualdade e diriximos a mirada cara ás xeracións futuras; é vital desterrar os roles sexuais e erradicar as actitudes e comportamentos normalizados e consentidos que, instalados na vida diaria, reproducen e perpetúan a desigualdade, orixe da violencia de xénero. Esta é unha responsabilidade conxunta e, polo tanto, a solución debe ser compartida.
- Agradecemos a solidariedade de todas esas persoas anónimas que amosan as súas condolencias e acompañan os minutos de silencio e fixamos a mirada en quen, ademais, se esforza por debilitar a multitude de microviolencias invisibles e sistemáticas que sustentan relacións baseadas no trato desigual.
- Reafirmamos o noso compromiso cos dereitos fundamentais da infancia e poñemos de manifesto, novamente, a nosa repulsa e preocupación polo aumento de menores asasinados a mans dos seus pais como instrumento de control e de poder sobre as mulleres.
- Comprometémonos a implementar todas as medidas de coordinación interadministrativa para protexer, defender e liberar as mulleres e menores vítimas da violencia de xénero.

Pola Sra. Soneira Liñares, Alcaldesa en funcións, procédese a dar lectura a seguinte declaración institucional que asinan todos os concelleiros da Corporación (excepto o Sr. Manteiga García, concelleiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que se sitúa na zona destinada ao público asistente no momento da súa lectura), que se transcribe a continuación:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE ORDES CONCELLO LIBRE DE EÓLICOS

A Plataforma contra a implantación de parques eólicos na comarca de Ordes, con data 22/11/2018, rexistro de entrada nº 5921, solicitou un novo pronunciamento do Concello de Ordes en relación coa implantación de parques eólicos no noso termo municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A inclusión de tres novos parques eólicos (denominados Legre, Solpor e Meirama) no Rexistro Eólico de Galicia, contradín a Declaración Institucional aprobada no ano 2018 polos Concellos de Ordes, Frades, Mesía e Oroso como Concellos Libres de Eólicos.

Unha parte do territorio destes concellos está afectada polo Plan Sectorial Eólico de Galicia, o que non se sostén en ningunha argumentación suficiente posto que as medicións levadas a cabo ata o de agora nos concellos mencionados por diversas empresas do sector, demostran que non existe recurso eólico abondo na comarca para que faga viable a implantación de parques eólicos.

A inclusión destes concellos dentro do Plan Sectorial Eólico de Galicia vai en contra dos principais intereses sociais e económicos da comarca de Ordes, xa que pon en risco as subvencións da PAC, que benefician a moitas das explotacións agrarias e gandeiras do concello



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

de Ordes, unha das súa principais actividades económicas. Comarca que foi declarada pola Xunta de Galicia como área de especial Interese Agrario (Decreto 206/2007, de 25 de outubro, DOG nº 215, de data 07/11/2007).

Ao mesmo tempo estanse a tramitar novas liñas eléctricas de evacuación para os parques eólicos que se proxectan na comarca, e que a atravesan de extremo a extremo. Liñas eléctricas de alta voltaxe (220kv) que restarán espazo agrario e forestal á comarca (ata uns 50 metros por liña) e que a cargarán aínda máis esta de campos electromagnéticos.

Coa información aportada no Rexistro Eólico de Galicia e a actual distribución dos corredores eléctricos, faise evidente que non existe ningún tipo de planificación previa por parte da Administración á presentación dos proxectos por parte das empresas promotoras. O que conclúe nunha gran desorganización do territorio que prexudica os intereses dos veciños e do concello.

A electricidade producida polos parques eólicos mencionados non será para beneficio directo dos concellos, nin dos seus veciños, que en nada verán compensadas as súas facturas eléctricas, senón que esta enerxía viaxará moitos quilómetros antes de ser consumida. Pola contra, o Plan Sectorial Eólico establece o compromiso e o deber de que a produción de enerxía de orixe eólico debe ter cos centros de consumo máis locais, (punto 1.5.2.1, páx.27) no que se expón “Asimismo, las energías renovables pueden ser un factor de refuerzo de la cohesión económica y social gracias a su carácter de energía no centralizada y cercana a los puntos de consumo. Esto permite la implicación de las autoridades locales en la gestión de la energía que se consume, elemento importante en cualquier política energética razonable”.

Por todo o exposto,

Os concelleiros integrantes da Corporación Municipal de Ordes subscriben os acordos seguintes:

1.- Ratificar a Declaración Institucional dos Concellos de Frades, Mesia, Ordes e Oroso sen eólicos.

2.- En consecuencia co anterior, solicitar da Xunta de Galicia que o concello de Ordes sexa excluído do Plan Sectorial Eólico de Galicia, solicitando unha modificación puntual do actual Plan.

3.- Solicitar da Xunta de Galicia que faga valer a prevalenza da declaración de Área de Especial Interese Agrario para a comarca de Ordes perante os proxectos eólicos ou liñas eléctricas de evacuación para estes parques eólicos.

4.- Solicitar da Consellería de Economía, Emprego e Industria e do Ministerio de Industria, Economía e Comercio unha planificación comarcal, que permita aproveitar os actuais corredores eléctricos a medio e longo prazo, mesmo desdobrandos, co obxectivo de non reducir máis a superficie agraria e forestal, e coa intención de minimizar o impacto medioambiental e na saúde das persoas.

5.- Solicitar da Xunta de Galicia que se xustifique a existencia de recurso eólico suficiente antes de iniciar calquera consulta relativa a implantación de parques eólicos, e que ante a falta de recurso ou da proba da súa existencia se desestime a tramitación dos parques eólicos.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

6.- Solicitar da Xunta de Galicia que calquera proxecto eólico se instale a unha distancia mínima de 5 Qm dos núcleos rurais, en aras de garantir a seguridade e a saúde dos veciños.

7.- Solicitar da Xunta de Galicia que as liñas eléctricas de evacuación ou parques eólicos teñan unha compensación eléctrica para os veciños e para os concellos, cunha porcentaxe de enerxía reservada para compensación no ámbito local dos efectos de soportar estas infraestruturas.

Pola Sra. García Gómez, concelleira do grupo de goberno, procédese a dar lectura a seguinte declaración institucional que asinan todos os concelleiros da Corporación, que se transcribe a continuación:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE ORDES PARA GARANTIR A ACTIVIDADE NA CENTRAL TÉRMICA DE MEIRAMA

A central térmica de Meirama é propiedade da empresa Naturgy. Trátase dunha instalación estratéxica para a xeración da enerxía eléctrica na nosa Comunidade Autónoma, o seu peche causaría un grave impacto económico e laboral na comarca de Ordes, na provincia da Coruña e en xeral en Galicia, que pode pasar de ser excedentaria na produción de enerxía eléctrica a ser deficitaria.

O cese de actividade afectaría a un número importante de empregos directos e indirectos na nosa comarca, así como a amplos sectores económicos ligados ao funcionamento desta central.

Ante esta situación o Comité de Empresa da central de Meirama solicitou do concello de Ordes que novamente se pronuncie apoiando a continuidade desta instalación de produción de enerxía eléctrica.

Por todo o exposto,

Os concelleiros integrantes da Corporación Municipal de Ordes subscriben os acordos seguintes:

1. Manifestar o seu rexeitamento ao peche da central térmica de Meirama.

2. Dado que Naturgy non solo ten en Galicia a central térmica de Meirama, se non un importante negocio relacionado coa produción, distribución e comercialización da enerxía eléctrica e Gas, así como o interese en implantar novos centros de produción, pedímoslle á Xunta de Galicia para que faga todo o que sexa posible co fin de instar á empresa a facer a inversión necesaria que prolongue a vida útil da instalación e se garantan os postos de traballo.

3. Solicitarlle á Xunta de Galicia que lidere unha gran Comisión que tendo en conta a importancia actual do carbón no mix enerxético, deseñe unha transición enerxética razoable e sostible no tempo a outras tecnoloxías. E que esta comisión estea formada pola propia Xunta, os concellos afectados, os sindicatos máis representativos en Galicia, os partidos políticos con representación parlamentaria e os Comités de empresa afectados, así como os centros de investigación e desenvolvemento económico e enerxético.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

4. Dirixirse ao Goberno de España, en concreto aos Ministerios competentes para esixir lle que lle garantan á empresa a recuperación da inversión necesaria para ampliar a vida útil da Central mais alá do 2020, recuperando se fose necesario para elo as primas por capacidade e dispoñibilidade.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Pola Sra. Alcaldesa en funcións procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria, de data 26/10/2018, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que nas follas 11, 12 e 13 onde se tratou a moción da fosa común do Cemiterio do Piñeiro, existiu unha chamada a orde do Sr. Alcalde ao seu compañeiro o Sr. Veiras Carneiro, que non consta en acta, que quere que quede constancia.

Folla nº 13

Onde di

.../...

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que pregunta si o Sr. Alcalde acredita que alí so está o Sr. Florencio Pol, ten a mesma dúbida que temos nos sobre a fosa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ten a constancia por que o di a wikipedia e falou coa familia, que alí están enterrados o Sr. Pol, a súa dona e filla, e tamén lle din que alí única e exclusivamente están enterrados familiares directos, se queren vou con vostedes a falar coa familia. Despois se hai algo máis, conten o que queiran, pero acredíteno. Hoxe perdeu o tempo para ir falar coa familia, houbo quen me facilitou falar coa familia aquí. Para nos é unha vergonza esta moción, pídelles que reflexionen ao respecto.

.../...

Debe dicir

.../...

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que pregunta si o Sr. Alcalde acredita que alí so está o Sr. Florencio Pol, ten a mesma dúbida que temos nos sobre a fosa.

Intervén o Sr. Alcalde, que pide que non o interrompa que esta a falar el, vai a darlle o turno de palabra

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que saltou o plan xeral para a fosa común.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ten una chamada de atención á orde. Simplemente lle pide que non o interrompa. Ten a constancia por que o di a wikipedia e falou coa familia, que alí están enterrados o Sr. Pol, a súa dona e filla, e tamén lle din que alí única e exclusivamente



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

están enterrados familiares directos, se queren vou con vostedes a falar coa familia. Despois se hai algo máis, conten o que queiran, pero acredíteno. Hoxe perdeu o tempo para ir falar coa familia, houbo quen me facilitou falar coa familia aquí. Para nos é unha vergonza esta moción, pídelles que reflexionen ao respecto.

.../...

A acta da sesión ordinaria de data 28/09/2018, resultou aprobada por maioría de catorce votos a favor, coa abstención da Sra. Castenda Blanco e Sr. Vázquez Raña, coa corrección sinalada polo Sr. Vidal Ríos, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Pola Sra. Alcaldesa en funcións dase conta das actuacións seguintes:

- O CEIP Mesón do Vento recibiu o selo europeo de calidade en innovación. Dende o concello agrádese e manifestase o orgullo por este centro, por un proxecto “what are some traditional dishes of your country”, que se inclúe no programa educativo etwinning do que se forman parte o un por cento dos colexios do continente. Está mañá estiveron non centro na entrega do selo. Queren facer una mención especial a tres profesores Xela Cuñarro, Rocío Souto e Alejandro Varela que foron os encargados de levar este proxecto, tamén una mención especial xa todo o equipo docente e a súa dirección, por último aos rapaces e ás súas familias, gracias a eles o CEIP do Mesón está posto no mapa de Europa.
- No día de hoxe deuse orde de facer unha amortización da débeda bancaria por importe de 200.000 euros. A día de hoxe a débeda ascende a 1.812.000 euros. A débeda bancaria prevista a 31 de decembro de 2018 será de 1.787.000 euros.

Os srs. concelleiros danse por decatados.

3. APROBACIÓN PLAN NORMATIVO MUNICIPAL PARA O ANO 2019.

Vista a proposta sobre Plan normativo municipal para o ano 2019.

Visto o disposto no artigo 132 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP),

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que está de acordo.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que tamén está de acordo.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que creen que hai normas que deben ser actualizadas, votarán a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que hai certas normas que están desfasadas. Cando dende o goberno municipal pediron aos grupos políticos que presentasen as súas propostas para o plan normativo, presentaron as seguintes: ordenanza fiscal nº 4 reguladora do ICIO modificala por que nas bonificacións cando unha persoa quere instalar un elevador nun edificio, si existe unha persoa cunha minusvalía tería dereito a optar a unha bonificación. Tal e como está redactada a ordenanza enténdese que so é cando as obras son no interior da súa vivenda. Modificando a redacción desta bonificación sería posible aplicar unha parte proporcional ou cando se estude como mellor sexa. A modificación da ordenanza fiscal reguladora do IBI. O ano que ven a corporación nova que entre terá que decidir si é prioritario establecer novas bonificacións, unha redución do tipo para compensar as subas dos valores catastrais. A ordenanza de repoboacións forestais está desfasada, é necesaria a súa modificación para adaptala á lexislación vixente, incluso establecer as limitacións que se consideren no concello de Ordes. A ordenanza da ORA, hai grupos políticos cos seus proxectos, dependendo do goberno que haxa o ano que ven pode considerar modificala. A modificación da ordenanza fiscal nº 9 reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local a favor de empresas explotadoras de subministros de interese xeral, é algo que ven demandando o BNG dende fai varios anos. Existen sentenzas que outros concellos xa están aplicando e cobrándolle ás eléctricas polo uso dominio público local. Entenden que debe adaptarse a súa redacción para comezar a aplicala aquí tamén. Propuxeron a creación de dúas novas ordenanzas, unha reguladora das urbanizacións nos espazos urbanos por que existe un vacío legal. Cando se vai unha obra en solo urbano que require a urbanización do fronte da parcela non hai unha guía tipo para a súa execución, trátase de regularizar esta situación. E segunda, unha ordenanza reguladora da publicidade nos espazos municipais, que actualmente dispoñen de publicidade sen estar reguladas as taxas, as clases e características desta publicidade. Dado que estas propostas foron incluídas, tamén consideran axeitadas outras que se fixeron van a votar a favor desta proposta de plan normativo.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que van a votar a favor.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSOE, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña e Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1. Aprobar o Plan normativo municipal do Concello de Ordes para o ano 2019.
2. Proceder á publicación do Plan Anual Normativo do Concello Ordes no Portal de Transparencia.

4. APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO MUNICIPAL EJERCICIO 2019.

Expediente tramitado para a aprobación do Orzamento Municipal, formado para o exercicio de 2.019 polo Sr. Alcalde-Presidente, cos documentos que preceptúan os arts. 165,



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

166 e 168 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e concordantes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e cumprimento do establecido no art 193.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Vistos o informe emitido pola Intervención e o ditame da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, ambos en sentido favorable.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións que sinala que os orzamentos municipais que se propoñen hoxe para a súa consideración polo Pleno Corporativo para este exercicio 2019 preséntanse nivelados nos seus estados de ingresos e gastos, dando cumprimento así ao disposto no artigo 165 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, no senso de que deben aprobarse sen déficit inicial. En concreto ascenden á contía de 9.364.888,51 euros tanto en ingresos como en gastos. Respecto aos orzamentos vixentes no pasado exercicio supoñen unha diminución do 7,29%, non obstante cabe subliñar que non recollen subvencións e achegas para investimentos doutras administracións que veñen sendo convocadas e/ou outorgadas, con diferentes contías, case que todos os anos, polo que agárdase que os orzamentos se incrementen ao longo do exercicio coas xeracións de créditos necesarias, en función das aportacións que poidan obterse e chegar dende os diferentes organismos supramunicipais. A estes efectos resérvase crédito xenérico na aplicación 1532.619.00 para cubrir a parte que se estima que deberá achegar o Concello de fondos propios para poder optar as mesmas. Para a súa elaboración tomáronse en consideración, en primeiro lugar, os ingresos que se agardan recoñecer no exercicio, estimándose estes de xeito prudente en función das previsións agardadas e da experiencia derivada das liquidacións de exercicios anteriores. Na medida do posible estimáronse segundo o criterio de caixa, isto é, do que realmente se estima que vai a recadarse, co fin de que os cálculos efectuados sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria fosen o máis estritos posibles. No informe técnico económico que acompaña ao expediente explícase dun xeito claro de onde procede cada unha das estimacións. No apartado de ingresos cómpre sinalar: No caso dos ingresos correntes, unha maior expectativa dos impostos directos, debido ao proceso de regularización catastral, aplicándolles en 2019 un tipo de gravame aprobado a finais de 2017 no 0,51%, de xeito que os inmobles que non estaban dados de alta pasen a tributar como os demais, aquí en Ordes e nos concellos galegos e nos da práctica totalidade do territorio nacional. Algo similar sucede co IAE. A maior diferenza ven motivada, con todo, pola incorporación da parte do POS+2019, achega 2019. para o financiamento de gastos correntes; mecanismo permitido polas bases aprobadas polo pleno da Deputación da Coruña e que outros concellos xa puxeron en práctica en anos anteriores. Unha estimación prudente da Participación nos Tributos do Estado, toda vez que a Lei de orzamentos xerais do Estado para este exercicio aínda está a tramitarse, sen coñecerse nin agardarse unha data para a súa presentación. No caso dos ingresos de capital polo coñecemento do POS + 2019, , achega 2018, así como polos convenios que se agardan asinar coa Comunidade Autónoma e as distintas subvencións concedidas con aplicación no exercicio 2019. Neste punto debe sinalarse que as previsións baséanse en achegas que xa están comprometidas e, como sinalamos anteriormente, agardamos que se incrementen de xeito significativo con novas achegas e subvencións doutras administracións ao longo do exercicio. O feito de que os orzamentos do Concello se estean a tramitar á vez que os da Xunta e a Deputación aconsellan a prudencia neste caso. Neste exercicio concertárase un préstamo pola parte do POS + 2019 financiado con préstamo provincial, por importe da contía total permitida, de 300.288,67 euros, o cal irá na súa integridade a amortización de débeda bancaria. Estímase máis axeitada esta dedicación que ao financiamento de obras polo perigo de incumprimento da estabilidade orzamentaria; concepto



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

este que vai ser o único condicionante para que non se adique parte do préstamo en esta ocasión para inversións financeiramente sostibles. En anos anteriores non corríamos ese risco, pero no marco actual, a situación mudou e hai que ser rigorosos no que se aproba e o fin para o que se fai. Unha vez coñecidos os ingresos procedeuse a levar a cabo o cálculo de todos os créditos dispoñibles, debendo sinalarse que toda vez que o límite de gasto ven determinado non só polos ingresos senón, a maiores, polo cumprimento da regra de gasto. Respecto aos gastos procedeuse a estimar os gastos de persoal en función dunha previsión de incremento do 2,25% até xuño e do 0,25% a maiores a partires de xuño nestes, tal e como se prevé no II Acordo da Administración de Sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo, calculándose, así mesmo, as antigüidades do persoal neste exercicio. A maiores dotouse orzamentariamente unha praza para un oficial na cancela municipal e un para rozas a tempo completo. Agárdase que no ano 2019 a policía local poda contar xa con dous efectivos máis como resultado da convocatoria do exercicio en pasadas datas. O cálculo polo miúdo recóllese no anexo de persoal correspondente. Respecto aos gastos correntes en bens e servizos recóllense os créditos necesarios para os contratos que ten vixentes o Concello, así como os previstos no exercicio, no que tentárase poñer fin á situación de prórroga tácita dos contratos xa vencidos. De feito os contratos de limpeza xa están regularizados, e estase a poñer ao día o Concello no procedemento de licitación electrónica como resultado da nova Lei de Contratos. Aspecto este no que vamos moi por adiante da inmensa maioría dos concellos galegos. Respecto as achegas por transferencias destacan as correspondentes á xestión da escola infantil, segundo contrato asinado no seu momento, e á Mancomunidade, a cal incrementábase considerablemente polo aumento nas horas do servizo de axuda no fogar, basicamente. Así mesmo recóllense as subvencións nominativas que figuran nas bases de execución, as becas para material escolar e segue a dotarse unha aplicación para poder subvencionar a deportistas destacados do Concello. Como novidade principal agárdase poder convocar unha liña de subvencións á natalidade, para a que dótase un crédito orzamentario de 24.000,00 euros, se ben previamente debe solicitarse o informe de duplicidade á Xunta de Galicia. Por suposto, e como non pode ser doutro xeito debido á imposición do artigo 135 da Constitución, dotáronse os créditos necesarios para atender as obrigas de natureza financeira. A maiores neste apartado inclúese a totalidade do préstamo do POS+ 2019 para amortización, como se indicou anteriormente, con base no maior criterio de rigor, na xestión responsable. En total os investimentos previstos, a espera de incorporación de outras axudas, ascenden á contía de 2.030.950,71 euros, o que significa o 21,69% do total dos orzamentos. Cabe subliñar que se destinan 1.232.218,14 euros de fondos propios para o seu financiamento, isto sen ter en conta a parte do POS+2019. Os orzamentos caracterízanse un ano mais, como non pode ser de outro xeito, polo mantemento dos servizos esenciais, con especial dedicación aos colectivos máis desfavorecidos, sendo as liñas fundamentais dos mesmos o saneamento das contas municipais, estamos convencidos que ao remate de 2019 a débeda bancaria situarase no entorno ao millón de euros, e o que é mais importante si cabe, situará os xuros anuais por debaixo dos 18.000 euros; que para maior abundamento podemos comparar coa situación do remate do exercicio en 2014, onde se destinaron a xuros bancarios preto de 200.000 euros, mediante a contención do gasto público, a eficiencia na asignación dos recursos municipais, a sustentabilidade dos servizos municipais fundamentais, o mantemento dos créditos ás políticas sociais, de emprego e fomento económico, así como aos investimentos produtivos. Incrementábase as partidas destinadas a políticas sociais, entendendo estas como a suma das dedicadas a gastos sociais, educativos, culturais e deportivos. As actuacións de protección e promoción social (servizos sociais, incluíndo a achega á mancomunidade, e fomento do emprego, basicamente) incrementábase nun 15,25%. De feito a achega á Mancomunidade ven incrementándose cada ano de xeito que desde o 2015 aumentou nun 94,5%, o que ben a indicar que practicamente se duplicou. A produción



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

de bens públicos de carácter preferente, educación, cultura e deporte, incrementan os seus créditos nun 12,77%. Os orzamentos que se presentan para a súa aprobación cumpren co disposto na Lei orgánica de estabilidade financeira, é dicir: Presentan capacidade de financiamento, estimada en 806.424,26 euros. Cumpren co límite de débeda. Respecto ao procedemento de aprobación é o seguinte: A aprobación inicial polo Pleno Corporativo non require un quórum especial, polo que será suficiente a aprobación por maioría simple dos membros presentes, artigos 22.2, letra “e”, e 47.1 da LBRL. Unha vez aprobados os orzamentos expóranse ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia ou, de ser o caso, da Comunidade Autónoma uniprovincial, por 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. A aprobación definitiva poderá producirse ben por non terse presentado reclamación algunha durante o prazo citado, ben por resolución das mesmas polo Pleno Corporativo, para o que dispón do prazo dun mes. A dita aprobación definitiva deberá realizarse antes do 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio no que deba aplicarse. Non obstante, se ao iniciarse o exercicio económico non tivesen entrado en vigor os orzamentos correspondentes, consideraranse automaticamente prorrogados os do anterior, cos seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se realicen consonte ao disposto nos artigos 177, 178 e 179 do TRLRFL e até a entrada en vigor dos novos orzamentos, non afectando a prórroga aos créditos para servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou estean financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados. Os orzamentos xerais definitivamente aprobados serán inseridos no Boletín Oficial da Corporación, se o tivese e, resumido por capítulos de cada un dos que o integran, no da Provincia. Así mesmo remitirase copia á Administración do Estado e a da CC.AA., a cal realizarase simultaneamente ao envío ao BOP. Os orzamentos entrarán en vigor no exercicio correspondente, unha vez publicados na forma prevista nos artigos 169.3 do TRLRFL e 20.3 do Real decreto 500/1990.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que van a votar positivamente os orzamentos do ano que ven. Presentaron unha proposta na que solicitaban oito puntos que están recollidos nos orzamentos do ano que ven.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que o Sr. Alcalde no anterior pleno dixo que ela non había presentado propostas para os orzamentos, é certo. Non as presentou por que non se están tendo en conta as propostas da oposición ou se están a buscar excusas, ou mesmo dicindo que mande os veciños polo concello como si ela non fose unha veciña máis. Segundo e máis importante, cree que os orzamentos participativos, aínda que se trate dun proxecto complexo, é difícil de levar a cabo con éxito, pero non é imposible si se realiza correctamente, o que provocaría un cambio entre os veciños e o goberno municipal e sería unha nova forma de tomar decisións que poden mudar de xeito positivo a maneira de gobernar. A maiores sería unha fonte de esperanza para os veciños que verían que forman parte dunha comunidade democrática, algo que fai falta. Poñer en marcha uns orzamentos participativos contribúe a unha maior transparencia e a concienciar aos veciños sobre os bens públicos, e a dar maior coñecemento sobre o funcionamento do concello. Entende que no caso de facer un orzamento máis participativo si que debería buscarse o apoio de todos os partidos da oposición co fin de levar a cabo un proxecto que poida continuar no tempo xa que facilitaría



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

unha relación máis directa cos veciños e gañaríase credibilidade se as propostas se visen reflexadas no orzamento municipal.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que fixeron sete propostas para estes orzamentos do ano 2019, unha parte foi recollida nos orzamentos, outros parécelles insuficiente. A partida nº 1 para a variante sur dende a N-550 á estrada de Ordes a Carballo cun valor de 630.000 euros. A partida nº 2 para aumentar as prazas dispoñibles da escola infantil municipal. Vai a construírse un centro sociocomunitario, gustaríalles saber se se vai a incluír algunha aula deste tipo neste centro. Unha partida específica de 20.000 euros para a potenciación do comercio local, so ven unha partida de 9.000 euros. O aumento das axudas a deportistas en 10.000 euros. A maior parte das partidas para deportes están destinadas ao fútbol, consideran necesario un mellor reparto para que outros deportes poidan ter a súa oportunidade para destacar. No punto nº 5, servizos sociais, ven positivo que se aumentase ata un 94% o importe desta partida. Punto nº 6, limpeza, desbroces e maleza, achéganse 65.000 euros que se consideran insuficientes de cara ao verán polo lume, este ano tivemos sorte co tempo, non é suficiente, é unha prioridade ter as estradas e os camiños limpos. Punto nº 7, a piscina exterior, xa solicitaron noutros plenos que se fixese un estudo de aproveitamento, durante nove meses ao ano é un espazo municipal desaproveitado.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que na memoria da alcaldía dise: continuar co saneamento das contas municipais mediante a contención do gasto público e a amortización da débeda municipal que vai a acadar un importe de un millón de euros ao remate de 2019, lembrar que eran cinco con tres millóns de euros en 2015. Hai que os ter cadrados para tentar enganar á veciñanza desa maneira. Tirar unha cortiña de fume e tentar enganala. Segundo os orzamentos a débeda total do concello a 31 de decembro de 2019 vai a ser de 3.134.000 euros, dos cales aos bancos 1.404.000 euros e á débeda á Deputación da Coruña, a administracións públicas 1.729.000 euros. Por que se centra o goberno municipal en dicir débeda bancaria, hai que falar da débeda total, non intenten vender falsos titulares de que conseguiron reducir a débeda ate preto de un millón de euros. Cando no 2019 vai a ser realmente de máis de tres millóns de euros. Á Deputación hai que pagarlle igual, é débeda. Se seguimos facendo contas mirando o endebedamento, no mandato 2011-2015, datos das contas xerais, ano 2011 10.180.000 euros, ano 2015 5.574.000 euros. En catro anos reduciuse en 4.600.000 euros. Cada ano unha media de 1.150.000 euros de redución de débeda. Contas do mandato 2015-2019. Ano 2015 5.574.000 euros. Ano 2019 3.134.000 euros. Isto é unha redución en catro anos de 2.440.000 euros. Se facemos a media anual de 610.000 euros. Un 53% do ritmo dos anteriores mandatos. Este é o titular o ritmo de redución de débeda é a metade máis lento que no mandato anterior. Que é o triste disto, que este ritmo de redución da metade con respecto ao mandato anterior non se ve traducido nin nunha mellora substancial da calidade de vida da veciñanza, nin en medidas para crear emprego, nin en políticas reais para dotar de servizos ás parroquias, nin nunha transformación do noso concello. Con isto non queren dicir que estivesen de acordo coa xestión do anterior goberno municipal, como tampouco están coa do goberno actual. Seguen aplicándose vellas fórmulas do pasado que conducen a un estancamento e a un atraso dun concello que precisa urxentemente un cambio de rumbo.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que o principal problema do concello de Ordes a día de hoxe ao seu parecer é o emprego. Hai familias que non chegan a fin de mes no noso concello, perdeuse moita poboación, as empresas están a pechar, do téxtil, do sector servizos. So hai que dar unha volta polo pobo para ver o que pasa. Non hai nada de industria e estase a acabar co rural pouco a pouco. Existen múltiples



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA N° 13

argumentos para non aceptar estes orzamentos, sendo breves os poden resumir non seguintes puntos. O goberno dedica tan so 77.680 euros á partida de fomento do emprego, menos dun un por cento dun orzamento de 9.364.000 euros, para unha poboación de 12.740 habitantes, pola contra a partida de órganos de goberno ascende a 176.313 euros, un dous por cento do orzamento, máis do dobre do presupostado para fomento do emprego, que é unha das partidas nas que menos cartos se invisten. Outro exemplo máis da mala distribución dos orzamentos, destínase a servizos sociais e promoción do turismo, comercio e pequenas e medianas empresas un 0,9 % e un 15% do orzamento total. Cando se adica case igual a festas que a promoción do emprego mal vamos. Neste momento a prioridade para este grupo político e para moitos ordenses é intentar que a xente consiga traballo e por tanto non teñan que irse do pobo. Non comparten este proxecto de orzamentos e non van a ser cómplices da súa aprobación.

A Sra. Alcaldesa en funcións decide non facer uso da súa primeira quenda de intervencións.

Pola Sra. Alcaldesa en funcións ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que as súas propostas foron as escaleiras na Alameda na entrada do Concello, xa incluídas nos orzamentos de 2018 pendentes dunha subvención da Xunta de Galicia, agora incluídos xa no 2019 sen depender da subvención de ninguén. Unha maior dotación para servizos sociais que é case o 94%. Aumento da partida para material de escolas, aumento da partida para asociacións e deportes. Inclusión das casas de maiores non rural. Inclusión das execución dos columbarios no cemiterio municipal do Balado. Espera que o goberno cumpra, senón falarán despois. Nos orzamentos de cada ano nunca chegar os cartos para todo. O BNG ten unha posición diferente con respecto aos orzamentos, non comparte nada con ela.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que os orzamentos participativos comezaron a facer en España no ano 2001, so tres municipios, no ano 2007 pasaron a 24 e no 2010 a 70. O dato importante é que un 10% destes orzamentos participativos son en concellos gobernados polo PP. O seu voto en contra vai a ser, non contra as obras ou os orzamentos, senón pola forma da súa elaboración. Todas as obras e as inversións dos orzamentos son precisas, máis pensa que se pode mellorar a forma e proceso de facelos dun xeito máis democrático.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que comparten cos compañeiros de UxO a preocupación pola creación de emprego, creen que a partida é irrisoria, o emprego é un elemento fixador de poboación en calquera concello, se non hai emprego non hai poboación, non hai movemento da economía, o comercio local pecha. Unha vez máis queren pedir ao goberno e aos seus colegas da Xunta de Galicia que intenten acelerar a aprobación do PXOM para a creación do polígono de Pardiñas por que creen que é a mellor baza de Ordes para crear emprego industrial, de calidade, para que veña xente para Ordes, aumente a poboación e se mova a economía.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que xa o Sr. González Santos actúa como voceiro adxunto do goberno. Xa sabe que non comparte nada cos orzamentos que poidan facer o BNG, tamén posiblemente o BNG comparta moi poucas cousas



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

cos seus orzamentos. Teñen dúas cousas diferentes fundamentais, o BNG non vota en contra da urxencia do debate das mocións, están a favor do debate, e se o Sr. González Santos propón algo que sexa bo, posiblemente o BNG votará a favor. Pero como non propuxo nada tampouco puideron votar. Nestes orzamentos redúcese a partida de axuda económica para material escolar de 30.000 euros no ano 2018 a 25.000 euros. Para desenvolvemento empresarial destínanse 19.000 euros. Se analizamos o desglose da partida 9.000 euros para institucións sen fins lucrativos e 10.000 euros para unha partida xenérica denominada outros gastos diversos. Resulta difícil saber a política do alcalde e do seu equipo de goberno nesta materia cando impiden debater por un lado a proposta do BNG no anterior pleno para a recuperación de terreos no parque empresarial mercados por especulación e para poñelos a disposición de empresas realmente interesadas por afincarse en Ordes. Ao mesmo tempo nunha reunión con empresarios locais o alcalde manifesta que quere que estes sexan os primeiros en ter opción de poder dispoñer de parcelas nestas zonas e que ninguén de fora lles veña a facer competencia. Parece ser que o PP está a vetar as empresas de fora e por outro lado permite que un terzo do solo de uso industrial do parque empresarial se destine a especulación na vez de crear emprego. Nos orzamentos atópanse que non hai investimentos reais para o desenvolvemento empresarial. A proposta é seguir no estancamento e na parálise. A maiores o alcalde anda rogando a pequenos autónomos da vila que asinen un documento de interese de solo industrial e por outro non é quen de reunirse con empresas fortes e acadar ese compromiso ou asinar ese interese. Isto é lóxico se como dixó que non quere que ninguén de fora veña a facer sombra. No tocante aos investimentos, concorda co abastecemento a Sobrado, Chan, Vixide e Montaos, a área recreativa na Ponte de Pereira, o acondicionamento do pavillón do Mesón do Vento, todas elas solicitadas nas propostas que fixo o BNG para o POS+ 2019. Tamén co investimento no campo de fútbol de Montaos. Se na vez de desviar a achega provincial do POS de 400.000 euros a gasto corrente houberan posto este campo de fútbol e as obras anteriores poderían ter chegado a un acordo para votar favorablemente ese POS. Non pode pasar que por estar de acordo con 400.000 euros dun orzamento de nove millóns de euros teñan o seu apoio. Non concorda coa obra faraónica do sr. alcalde non Campo da Feira. Advertiron por activa e pasiva que non era preciso gastar 720.000 euros de fondos públicos en crear un novo edificio que despois hai que manter, quentar, iluminar, limpar. O centro sociocomunitario podería crearse no edificio que está a ser utilizado agora como concello, habería que recuperar o uso da antiga Casa Consistorial e transformar o edificio anexo novo no centro sociocomunitario cunha inversión moi reducida. O bo xestor non é o que fai casetos por aquí e por acola e o que pon en valor os casetos dos que dispón e que lle da sentido. A soberbia impediu que fôsemos escoitados, o despilfarro nunha obra faraónica, conlevando a ocupación dun terreo idóneo para un centro de día público moi necesario no noso concello e que podería dispor de zonas de paseo no paseo Ramiro Recouso e que está a un paso do PAC. Este despilfarro do alcalde impide invertir noutras obras necesarias ou en políticas en materia de emprego, comercio local, deportes, saneamento, mobilidade, educación, cultura, turismo e medio ambiente. Hai moitas propostas que lle fixo o BNG, tiñan moito onde escoller aí. Por todo isto van a votar en contra dos orzamentos que lle propoñen.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que non están en contra de moitas das obras que se propoñen. Creen que agora toca que se fomente o emprego e destinar os orzamentos ás partidas que anteriormente citaron.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo de goberno, que sinala que no tocante ás intervencións dos grupos políticos da oposición gustaríalle aclarar tres puntos nos que incidiron algúns dos grupos. Primeiro, as becas de libros, no ano 2017 houbo unha convocatoria de becas de libros con 17.000 euros, como non chegaron para cubrir todas as solicitudes que cumprían os



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

requisitos, para que puidesen ser beneficiarios a principios de 2018 fíxose unha convocatoria extraordinaria con 6.000 euros, 23.000 euros en total. No orzamento de 2019 inclúense 25.000 euros. A diferenza corresponde a cantidades pendentes de pagar do ano anterior. O que hai que ver é o crédito de cada convocatoria que sae publicada no BOP. Este ano foi excepcional polo número de solicitudes. Dende que están no goberno conseguiron pagar as axudas en cada ano, e non como se encontraron cando chegaron que tiveron que pagar dous exercicios xuntos. En canto ao emprego, é unha cuestión que nos afecta e nos preocupa, por iso teñen formación no servizo de orientación laboral con curso de capacitación homologados con subvencións da Xunta de Galicia. Tiveron obradoiros de emprego todos os anos nos que se obtiveron certificados de capacitación profesional. A aportación á Mancomunidade non é so para pagar traballadores sociais, tamén teñen servizos de emprego, o programa de orientación laboral, de fomento do cooperativismo. Consequiron que a Xunta de Galicia lles outorgase un Galitex para formar á xente do téxtil e darlles unha saída que é moito máis dotación económica que os plans integrais de emprego. Non lle permite que se diga que non lle interesan as políticas de emprego. Os servizos sociais, o Sr. Regos tiña un programa de axuda no fogar para os maiores e dependentes para unha senectude digna, aportaba 14.000 euros, hoxe aportan máis de 60.000 euros. So de SAF que depende do concello pagan máis de 3.300 horas mensuais. Hai o xantar no fogar para usuarios que non teñen acceso a súa comida, o multiplicaron un 313 %.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que logo de escoitar as diversas intervencións dos grupos políticos e dos concelleiros da corporación nas súas quendas de palabra, vai a facer unha análise mais polo miúdo da necesidade de aprobar hoxe estes orzamentos para o ano 2019, e o que consideramos van supoñer, para poder comezar o 1 de xaneiro de 2019, un exercicio económico con tódalas garantías, buscando acadar o maior dos beneficios para a veciñanza de Ordes. Non foi doado gobernar en minoría dende o pasado 3 de xullo de 2015. Iso coida que a ninguén escapa. Aínda que algúns non lles guste que se diga de novo, tampouco foi doado rematar aquel exercicio cun orzamento comprometido e casi esgotado na maioría dos capítulos en seis meses. tampouco o foi traballar todo 2016 con un orzamento prorrogado. Casi foi unha odisea aprobar en 2017 un orzamento no mes de setembro, logo de unha cuestión de confianza, alegacións e un recurso de reposición. Aínda así fomos quen de facelo con únicamente 5 concelleiros de dezasete. Reflexionen si o teñen a ben, o que gañaron calquera de vostedes con aquela actuación, ou mais ben, traten de explicarllo a veciñanza de Ordes que está hoxe no salón de plenos ou os escoita por radio Ordes. Con todas, en tempo record executamos un orzamento con un grado de execución que practicamente raiou a brillantez, e cumprindo todos e cada un dos indicadores de unha xestión rigorosa en todos e cada un dos aspectos da lexislación en materia orzamentaria: estabilidade orzamentaria, cumprimento da regra de gasto, e cumprimento do límite de débeda. Aparte de amosar ano a ano un compromiso cos provedores, pagando moi por debaixo da media, o que nos permite ocupar o posto terceiro da provincia. A iso podemos engadir o continuar a sanear a situación financeira da débeda municipal, de xeito que a bancaria ao remate do 2019, vaise a situar por debaixo do millón de euros con total seguridade. Xa en 2018, con unha corporación fraccionada, foise quen de negociar, atendendo as demandas dos integrantes da corporación, uns orzamentos que contaron co apoio da maioría absoluta, e que a menos de un mes para finalizar o seu período de aplicación, teñen un alto grado de execución, como demostrará a liquidación dos mesmos a presentar a este pleno en marzo de 2019. Seguimos en 2018, pero os veciños de Ordes, día a día, continúan a demandar melloras en todos e cada un dos servizos, das instalacións, e dos equipamentos que temos que ofrecer desde o goberno local. Polo tanto, a pesares de que o goberno central non é quen de facer os seus deberes, e que aínda descoñecemos moitas das aportacións que poidan chegar de outras administracións por diversas vías, e ante o feito de que



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

as portas das eleccións non é o momento adecuado de presentar uns orzamentos ao pleno; elaborouse un proxecto orzamentario para 2019 que recolle boa parte dos compromisos de este goberno, e a súa vez atende gran parte das peticións formuladas por grupos ou concelleiros da corporación, indicar aquí para o coñecemento de todos, como logo acontecerá no punto do POS, que nin UxO nin a Sra, Martínez Candal mostraron interese algún en aportar peticións a este documento, Por todo isto, ao remate deste turno agardamos un voto que permita acadar a aprobación inicial deste documento vital para este e calquera concello, o proxecto de orzamentos para todo un exercicio económico. Entrando no fondo do documento, e vou evitar pronunciarme sobre os postulados de todas e cada unha das intervencións precedentes, o proxecto que se presentou conforme indican as memorias de alcaldía e a memoria de intervención, así como o resto dos documentos que o conforman; ten un marcado carácter inversor en aras de mellorar a calidade de vida e os servizos dos veciños de Ordes, tanto da vila como das parroquias. Recóllense polo tanto créditos para atender os contratos de servizos vixentes, obrigas con outras administracións como pode ser mancomunidade, crédito para todas e cada unha das subvencións nominativas comprometidas, nalgún caso con cantidades incrementadas: Asociación de festexos da Vila de Ordes, S.D. Club Ordes, A.C Ordes, Asociación deportiva de taekwondistas da comarca de Ordes, Clube de patinaxe Galia, S.D. de Santa Cruz de Montaos, A,D de Ordes, Jogafan fútbol Sala, Protección Civil de Ordes e Asociación de comerciantes de Ordes. Incorpóranse os créditos obrigados por actuacións iniciadas na presente anualidade 2018 con continuidade en 2019, así como aquelas aínda pendentes de xeración no orzamento actualmente vixente de 2018; e finalmente faise unha forte aposta pola inversión real con fondos propios, para atender unha serie de actuacións que paso a enumerar: Humanización praza entre casa consistorial e alameda, praza ao carón da igrexa de parada, pavimentación de diversas vías públicas, abastecemento de auga na parte oeste de Montaos: Fosado, Chan, Vixide, Sobreira e outros, 128 columbarios no cemiterio municipal do Balado, area recreativa en ponte Pereira (Camiño Inglés), reforma integral do pavillón do Mesón do Vento, campo de fútbol de herba artificial en Montaos, mellora en radio Ordes, fondos para terreos se sae a subasta o campo de fútbol do Mesón do Vento. Aparte no capítulo 6 inclúense as actuacións derivadas de fondos obtidos de outras axudas ou subvencións: Idae, Hurbe, Peim, ...etc. para un total de mais de dous millóns de euros, e todo isto sen descoidar poder atender o mantemento e limpeza de todos os qms de vías públicas municipais, agardando poder contar con un novo tractor e desbrozadora para o ano 2019. Previsión de aumento de persoal: policía local, tractorista e persoal para a cancela municipal. Garantir todos e cada un dos casos nos servizos sociais, onde xa se indicou que desde 2015 case se duplicou a aportación municipal. E por suposto, continuar a auditar todas e cada unha das contas dos balances municipais en calquera dos seus departamentos, co obxectivo de buscar maior eficiencia, e si pode ser, con menor custe para as arcas públicas. Finalmente, tamén se continúa coa contención de gasto en calquera actuación sen consignación propia, e se traballa para sanear as contas públicas no menor tempo posible. Polo tanto, remato indicando que se elaborou un orzamento equilibrado e realista para a data na que se presenta, co obxectivo principal de poder executalo completamente ao longo de 2019. Dito isto e rematados as quendas, procedemos a votación do punto cuarto aprobación inicial se procede orzamentos 2019.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de oito votos a favor (5 grupo político PP, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña e Sr. Gómez Candal), seis votos en contra (2 grupo político UxO, 3 grupo político BNG e Sra. Martínez Candal) e coa abstención do Sr. Manteiga García, sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio de 2.019 **EUROS NOVE MILLÓNS TRESCENTOS SESENTA E CATRO MIL OITOCENTOS OITENTA E OITO CON CINCUENTA E UN** (9.364.888,51 euros), asignando a cada un dos capítulos os seguintes importes:

2º.- Aprobar, igualmente, as Bases de Execución de dito Presuposto.

3º.- Aprobar, así mesmo, de acordo co disposto no art. 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, o cadro de persoal, comprensiva de tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.

4º.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

5º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, xunto co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os arts. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril e 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo; e noutro caso procederase de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

6º.- Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo, remítase copia do referido Presuposto á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

5. APROBACIÓN RETRIBUCIÓN EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA DA 1ª TENENTE DE ALCALDE.

Vista a proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

“O Alcalde-Presidente dende o 27/09/2018 atópase en situación de incapacidade temporal por enfermidade común, o que lle impide o desempeño das funcións e competencias atribuídas legalmente. Dende esa data esas funcións e competencias foron asumidas a través de sucesivas delegacións pola 1ª Tenente de Alcalde Dª Ana María Soneira Liñares.

Dende o 05/11/2018 como consecuencia da duración da enfermidade o Alcalde-Presidente causou baixa no Réxime Xeral da Seguridade Social, a maiores terá que someterse a unha intervención quirúrxica o próximo día 22/11/2018, cun período mínimo de recuperación de setenta e cinco días naturais, o que vai a prolongar a substitución das funcións do Alcalde pola 1ª Tenente de Alcalde.

Como consecuencia do desempeño da Alcaldía a 1ª Tenente de Alcalde asiste de forma regular ao Concello en horario de oficina, realiza visitas a autoridades e asiste a reunións dentro e fora do termo municipal.

Os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva (art. 71.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril)



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

Por todo elo, a efectos de compensar a actividade política que se está a desenvolver pola 1ª Tenente de Alcalde, como consecuencia da substitución en todas as funcións que corresponden ao Alcalde por causa de enfermidade, e ata a súa total recuperación con alta na Seguridade Social, proponho ao pleno a adopción do acordo seguinte:

Aprobar o exercicio do cargo de 1ª Tenente de Alcalde en réxime de dedicación exclusiva, aprobando a percepción dunha retribución bruta de 2.950,95 €/mes, distribuídas en 14 pagas”.

Visto ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Aberto o debate prodúcense as intervención seguintes

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que están de acordo.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que está de acordo, xa se puido facer dende o principio e non estar o alcalde traballando estando de baixa, hai xente que deu as queixas.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que están de acordo, sempre o defenderon así. Unha persoa cando exerce unha responsabilidade como é a alcaldía de Ordes ten que ter unha remuneración dunha persoa ben remunerada, manexa un orzamento superior aos nove millóns de euros, ten unha serie de responsabilidades apareladas, aínda encima con dedicación exclusiva coas horas que ten que estar. Infórmase que dende o 5 de outubro de 2018 como consecuencia de enfermidade o alcalde causou baixa no réxime xeral da Seguridade Social. A baixa ten que respectarse, é esixible como calquera traballador, non pode andar polo concello, polos pasillos atendendo a quen lle convén, non pode ir visitar obras, non pode acudir a actos, a un pleno como o ordinario de outubro, non pode firmar esta proposta da alcaldía.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que aclara que non estaba de baixa, foi o 5 de novembro, antes da operación.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que aínda que fose o 5 de novembro houbo reunións con empresarios. De cara a autoridade laboral pode xerar problemas. Que se recupere. Reiteran que están a favor.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que lle desexamos unha pronta recuperación e estamos de acordo.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA N° 19

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de catorce votos a favor (4 grupo político PP, 2 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSOE, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña e Sr. Gómez Candal), coa abstención da Sra. Soneira Liñares, sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Aprobar o exercicio do cargo de 1ª Tenente de Alcalde en réxime de dedicación exclusiva, aprobando a percepción dunha retribución bruta de 2.950,95 €/mes, distribuídas en 14 pagas, ata a data en que sexa efectiva a alta na Seguridade Social do Sr. Alcalde.

6. APROBACIÓN PROPOSTA PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL, POS+ 2019.

Publicadas as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2019 (BOP nº 188, de data 02/10/2018).

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, Obras e Tráfico.

Intervén a alcaldesa en funcións, que sinala que conforme a Comisión Informativa celebrada o pasado venres día vinte e un, e tras o ditame favorable da mesma, sométese neste punto sexto a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, POS+2019. A achega total da Deputación ascende a 978.513,29 euros en tres grupos: achega provincial 2019 por 437.233,5 euros destinada na súa totalidade a gasto corrente, achega provincial 2018 con unha asignación de 187.969,90 euros e unha incorporación das baixas do PAS 2015 e POS 2016 de 53.021,21 euros que se destinará a inversións financeiramente sostibles, e unha achega de préstamo provincial por importe de 300.288,67 euros que se vai destinar totalmente a amortización, por indicación dos técnicos municipais e por rigor na xestión económica municipal para o exercicio 2019 como xa se explicou no punto dos orzamentos aprobado con anterioridade. A maiores conforme as bases remitidas aprobase un proxecto complementario polo 25% mínimo da cantidade total asignada e outros 3 proxectos complementarios a maiores para a previsión de certas baixas variables nas licitacións. As obras incluídas en seis proxectos, os proxectos complementarios ascenden a 479.036,35 euros. A vista da presente proposta e dos proxectos que se recollen no capítulo 6 de investimentos dos orzamentos 2019, enténdese cumprida boa parte das peticións formuladas polos concelleiros da corporación para que o POS+ 2019 deba ser aprobado neste pleno. Así como debo adiantar a previsión, que non o farei das obras, de completar con mais obras en todas e cada unha das parroquias e na vila de Ordes, con cargo as axudas a obter ao longo de 2019; así como da incorporación de remanentes que se agarda traer ao pleno en abril de 2019.

Aberto o debate prodúcense as intervención seguintes



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que fixeron unha proposta de dezaseis proxectos. Hai catorce que están recollidos no POS. Van a votar a favor.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que pregunta se se olvidou o goberno dunha auditoría enerxética que se fixo e que non se está a ter en conta. Non sabe se se quere ter en conta cos 400.000 euros que queren destinar a gasto corrente. Hai que recordar que hai máis de dúas mil luminarias que a día 31 de decembro de 2018 deberían estar fora de uso, estarán prohibidas. Non sabe se teñen algo que dicir ao respecto.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que fixeron unha proposta de nove actuacións para o POS+ 2019. O concello este ano opta pola fórmula de destinar o POS a gasto corrente e incluír obras nos orzamentos. As obras que se inclúen no POS e orzamentos son: o abastecemento á Chán, Montaos, completar a rede existente entre Sobreira e a Costa chegando a todos os núcleos, a senda peonil ao camiño inglés en Vilariño, Buscás, a pista a tras do Río, Mercurín, continuación de obras feitas no POS+ 2018, aglomerar o camiño de Castrelos á escola de Leira e asfaltar a pista que vai dende a Armada a Fondo de Aldea, Vilamaior. Foron incluídas cinco de nove. Outras tres que na previsión do remanentes de abril da Deputación, gustaríalles que o goberno adquira o compromiso de incluílas: arranxo e asfaltado do camiño do Barroso a Guindíboo a Fosado, ampliación das beirarrúas do Hotel Barreiro en Leira e as beirarrúas no Casal caro o Pazo do Bidueiro, 2ª fase.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que neste POS se destina a achega provincial de 2019 a gasto corrente do concello, estamos a falar de 437.000 euros. Sempre defenderon que o POS debería empregarse para acometer obras custosas, aquelas que dificilmente serían asumibles cos orzamentos municipais. Dende o BNG no seu día presentaron vinte e unha propostas. Substitución de iluminación e cuberta, arranxo de vestiarios e pista do pavillón polideportivo do Mesón do Vento, subministración de abastecemento a tubaxes existentes na Baixa de Ardemil, disposición de canalización para soterramento de liñas eléctricas de alta tensión no Mesón do Vento, Ardemil, melloras antiga escola Barbeiros, asfaltado da pista que bordea o núcleo polo leste en Beán, acondicionamento de cunetas no núcleo de Vilasuso, aglomerado da pista principal dende Traves ata a Rúa en Buscás, incluíndo os badéns en Vilariño, pavimentación da pista que enlaza a Gorita co Piñeiro, senda peonil por ambas marxes N-550 en Leira coa prolongación das beirarrúas de Castrelos ata a Igrexa, melloras na antiga escola en Lesta, pavimentación da pista que une a Portela co Conde en Mercurín, abastecemento de auga en Cha, Vixide, Sobreira e Fosado en Montaos, humanización da rúa do Recreo en Ordes, substitución iluminación pavillón Campomaioir por outras led, formación dun talud axardinado no Campo da Feira, ampliación da rede de abastecemento de auga nos núcleos de Vilaverde e Penelas, ampliación rede de saneamento en vivendas na Fraga da Galiña e pavimentación da pista de acceso, ampliación da rede de saneamento en Parada, restauración da ponte medieval e da súa contorna en Pereira, ampliación da rede de abastecemento de auga nos núcleos de Calle e Piñeiro en Poulo, dotación do punto de carga de cisternas en Armada, Vilamaior. Todo é imposible, hai moitas carencias, non chega para todo. Se fose un POS no que se inclúen obras estarían a favor, non é así. De todas inclúen o camiño de Vilasuso-Mosquera en Beán. Que vaia no POS complementario non quere dicir que se vaia a realizar, haberá que ver se hai fondos. Esta é unha bagaxe moi pobre para recibir o apoio do BNG. Neste POS hai unha total ausencia de investimentos en servizos básicos en abastecemento e saneamento.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que están de acordo coas obras que se recolle, todas son necesarias, todo o que sexa beneficioso para os veciños sempre van a votar a favor.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno, que lle pregunta á Sra. Martínez Candal se estudou o orzamento, ten que votarlle unha ollada outra vez por que hai unha importante partida para alumeadado público, para luminarias.

Pola Sra. Alcaldesa en funcións ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que pregunta se van a comprometerse a incluír estas tres obras citadas no remanente da Deputación previsiblemente en abril. as partidas tres, cinco e seis.

Intervén a Sra. alcaldesa en funcións, que sinala que as obras propostas polo PSOE faranse con fondos propios ou no mes de abril estudarase. Seguidamente sinala que logo de presentar desde o goberno unha proposta de obras con base no análise das demandas veciñais, así como nas peticións formuladas polos grupos políticos e parte dos concelleiros non adscritos, recórdalles a todos que UxO e a Sra. Martínez Candal non presentaron ningunha proposta de obras para o ano 2019, escoitar as opinións de cada quen nos seus turnos, e non querendo afondar no debate, e polo tanto considerar non ser necesario entrar a debater os argumentos ou opinións que aquí se expresaron, pois a ninguén escapa que o pasado xa está escrito, e polo tanto facendo uso do aquí acontecido en edicións anteriores comeza o derradeiro turno do grupo de goberno, e a continuación procederemos a votación do plan de obras POS+2019: Ano 2016: abstención de UXO, PSOE e BNG no POS. Ano 2016: abstención de UXO e PSOE, BNG en contra nas obras do remanente. ano 2017: casi mellor non falar de ese POS que tanto quebradeiro de cabeza causou na licitación e na execución, aínda sen rematar. Ano 2017: todos votos a favor nas obras do remanente. ano 2018: abstención do BNG no POS. Ano 2018: abstención do BNG nas obras do remanente. Isto demostra por si mesmo, o cal é lícito, que en determinados momentos parte da corporación non apoiou os plans de obras do goberno local pero si se facilitou a súa aprobación, o mesmo fixo o goberno en 2017. Os veciños de Ordes merecen saber hoxe como se administran desde a Deputación os fondos dos que dispoñen –mais ben coñecer como son incapaces de administralos e repartilos cos criterios que tanto pregoaron e xamais cumpriron, logo de recoller e comezar a tratar (insisto: tratar) de gobernar en 2015 unha agrupación formada por PSOE-BNG-Mareas-Compostela Aberta-Alternativa dos Veciños. Unha administración saneada e con débeda cero, tras tan so catro anos de goberno do partido popular. e que conta con un 15% mais de recursos que o anterior executivo provincial. E merecen saber como o ente que debiera ser xusto e equitativo con tódolos concellos da provincia, non ten reparo algún en aprobar un plan de obras a medias e falta de todas garantías para incorporar en tempo e forma no ano 2019 os fondos dos que neste momento se priva aos veciños de Ordes. O goberno da Deputación non solo priva, pois podemos afirmar que case rouba fondos aos concellos, alomenos a boa parte de eles, neste caso ao concello de Ordes ao que debemos defender, diñeiro procedente dos impostos que pagamos todas e todos, e que a día de hoxe, teñámolo todos claro, ninguén aclara como se vai a repartir nun futuro. E para clarificar a situación, o mellor sen dúbida e falar de cifras. Veciñas e veciños, ao concello de Ordes para o exercicio 2019 a Deputación da Coruña, a pesares desta ter incrementado o orzamento total para o ano 2019 en mais dun 3%, reduciulle a súa asignación atendendo ao ano



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

2018 nun 23%. Ano 2018: 1.258.190,99 euros (+20% adicional). Ano 2019: 978.513,29 euros (+25% adicional), dos cales 53.021,21 euros son de baixas na licitación do PAS 2015 e o POS 2016. ou sexa fondos xa propios do concello de Ordes de outros plans anteriores, que aquí colan como do ano 2019. En resumo: -334.000 euros (diferenza 2018 a 2019) e xa non analicemos que a incorporación futura do 25% vai ser moito menor que o 20% do ano 2018 conforme indican agora as cifras e as bases do plan de obras que hoxe aquí se analiza. Dende a Deputación con esta medida non se está reducindo a capacidade de executar obras por parte de este goberno, que a pesares de atoparse en minoría dende xullo de 2015 está a facer o posible e o imposible por executar o maior número de investimentos reais en beneficio dos veciños. Gracias aos plans de obras supramunicipais, aos convenios, as subvencións logradas (moitas de elas en concorrencia, como o Hurbe 2018 onde acadamos o 1 posto a nivel autonómico, ou a obtención de fondos do Idae no ano 2017, con postos número 28 e 40 a nivel estatal) faremos por cumprir o programa co que nos presentamos e gañamos as eleccións o 24 de maio de 2015. Fai aquí o chamamento aos grupos con representación en esta corporación que din gobernar na Deputación, para que de xeito inmediato resolvan esta situación inxusta e contraria aos intereses da veciñanza de Ordes. Logren facerlle ver canto antes aos seus deputados que hai que incorporar de maneira inmediata eses mais de 30 millóns de euros que están gardando no caixón de maneira inxustificada, resolvan de unha vez por todas as nominativas que benefician de un xeito xeral con obras aos veciños de cada concello (moitas de elas son as asignacións do reparto consensuado en 2016, 2017 e 2018 entres todos os grupos políticos e que non avanza pola desidia e falta dun proxecto serio e realista por parte do goberno da Deputación Provincial), e incorporen a crédito a disposición de cada concello as baixas nas licitacións de obras xa adxudicadas. ao noso concello débenselle parte dos fondos para poder facer os proxectos complementarios aprobados no pos+2017. Remata xa. entre o proxecto de orzamentos e este plan de obras pos+2019 figuran as bases de execución de obras, que reitero a vista das peticións da veciñanza, dos grupos políticos e dos concelleiros de Ordes, se considera necesario poder executar no vindeiro exercicio 2019. Polo que pedimos o voto favorable para as mesmas. En canto aos fondos que saen do plan, para gasto corrente ou para amortizar débeda, cumpren as bases aprobadas na Deputación, e polo tanto, a ninguén escapa que sempre vai ser mais doado executar os proxectos en tempo e forma partindo duns pregos e uns tempos controlados desde a autonomía local, e non impostos por un organismo supramunicipal que segue dando bandazos desde xullo de 2015, pois nin dentro do goberno son capaces de poñerse de acordo para dirixir un ente tan importante como a Deputación da Coruña, que deberá ser o que sempre foi, a Deputación de todos; e que lamentablemente parece está a deixar de ser, pois o Presidente cede o control aos nacionalismos e aos populismos, que sobradamente demostraron e seguirán a demostrar a súa nula capacidade de xestión e bo goberno en defensa dos intereses xerais de todos e cada un de nos.

Solicita intervir o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que quere explicar os datos que hai realmente. Comparativa criterios POS que hai agora na Deputación cos criterios DTC93 que había cando o gobernaba o PP. A cota fixa supón o 10% do orzamento total en ambos casos. No DTC o esforzo fiscal é o 20%, no POS é o 5%. Co DTC o 10% en función do número de parroquias, no POS é o 15%. A poboación o 30% no DTC, o 35% no POS. A superficie o 30% no DTC, o 35% no POS. Isto quere dicir que aplicando os criterios DTC corresponderíalle a Orde o 1,27% do orzamento total do Plan, cos criterios POS correspóndelle o 1,65 %. Isto supón que se hai cincuenta e seis millóns de euros, sen contar as baixas. Co DTC Ordes tería un reparto de 769.000 euros, co POS Ordes ten 925.000 euros. Ordes leva un 20% máis que cos criterios que había antes. Se falamos das subvencións nominativas o Sr. Diego Calvo cando marchou da Deputación Provincial deixou comprometidos catro millóns e medio



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

de euros en subvencións nominativas, das cales o 95% era para concellos do PP. Agora non vendan igualdade cando esta Deputación so en subvencións nominativas representan o 2,7% , ten un compromiso de estar sempre por debaixo do 5%. Nada máis que aclarar isto.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que agradece as palabras do Sr. Vidal Ríos, pero sinala que esperaba que lle aclarase onde ían os 334.000 euros dos veciños de Ordes. Non cree que se aclare hoxe.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de once votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, Sr. Manteiga García, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña e Sr. Gómez Candal), co voto en contra (Sra. Martínez Candal) e coas abstencións (3 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2019”, “achega provincial 2018” e “préstamo provincial 2019”:

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes	437.233,51 €
Subtotal gasto corrente	437.233,51 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
CAMIÑO NO CANEDO (ARDEMIL) E OUTROS	118.559,30 €	0,00 €	118.559,30 €
PAVIMENTACIÓN ACCESO OS LAGOS (BARBEIROS) E OUTROS	122.431,81 €	0,00 €	122.431,81 €
Subtotal investimentos achega provincial 2018	240.991,11 €	0,00 €	240.991,11 €

Aprobar os proxectos técnicos das obras incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan na táboa anterior.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de “préstamo provincial 2019” aplicado á redución da débeda
CAIXABANK, S.A	9620.313.671173.51	300.288,67 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		300.288,67 €



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 24

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2019	437.233,51 €		437.233,51 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2018	240.991,11 €		240.991,11 €
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019	300.288,67 €		300.288,67 €
TOTAL	Achega 2019	437.233,51 €		437.233,51 €
	Achega 2018	240.991,11 €		240.991,11 €
	Préstamo 2019	300.288,67 €		300.288,67 €
	TOTAL	978.513,29 €		978.513,29 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos técnicos:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
SENDA PEONIL DE RÚA A VILARIÑO (BUSCÁS) E OUTROS	273.983,72 €
CAMIÑO PEDREIRA A CASTRELOS POR ESCOLA (LEIRA) E OUTROS	138.787,45 €
SENDA PEONIL DE ESTACIÓN A GUARDIA (PARADA)	32.664,87 €
CAMIÑO A FONDO ALDEA DENDE ARMADA (VILAMAIOR)	33.600,31 €
TOTAIS	479.036,35 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten solicitado todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

7. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 25

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 26 de outubro de 2.018, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

8. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos concelleiros non adscritos e grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula a moción que se transcribe a continuación.

“E tendo en conta que é posible que o peche da Central de Meirama se leve a cabo, e despois de ver as noticias publicadas no día de onte, xunta copia das noticias, en relación a visita do Presidente da Xunta de Galicia a Ministra de Transición Enerxética e na cal parece que arranxou o compromiso para a instalación de dous novos emprazamentos para Plantas de Bioamasa, insto o Sr Alcalde ou Alcaideesa en funcións, a que solicite unha xuntanza co Conselleiro de Economía, Traballo e Industria para recabar a información necesaria a cerca deste tema, e solicite que un de eses emprazamentos sexa no Concello de Ordes, tendo en conta que tanto no Concello como na Comarca a actividade madeireira é moi relevante, sendo esta actividade totalmente compatible coa Sustentabilidade, e xeraría unha cantidade de empregos directos e indirectos importantes, é polo que proponho ao Pleno da Corporación Municipal de Ordes a adopción do seguinte acordo:

O Concello de Ordes Insta á Xunta de Galicia a propoñer Ordes como un emprazamento de unha pranta de biomasa como enerxía renovable”.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo de goberno, que sinala que corresponde ao goberno municipal a decisión de en que ámbitos se mete, que intereses defende. Unha vez que o goberno adopta unha decisión informa no pleno no punto de informes da Alcaldía. Se quere converter esta moción nun rogo van a tomarlla en consideración. Se non non lle van a votar a urxencia.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 26

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou rexeitada por maioría de oito votos en contra (5 grupo político PP, Sr. Vázquez Raña, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sete votos a favor (2 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal,), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que quere preguntarlle ao Sr. Secretario se ao ter problemas coa sede electrónica do Concello para a presentación das mocións do seu grupo político, se pode presentalas nesta sesión ordinaria do pleno.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que esa decisión corresponde á Sra. Alcaldesa en funcións.

O Sr. Manteiga García plantexa a mesma cuestión á Sra. Alcaldesa en funcións.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que se lle explicou a todos os membros da Coproración o novo procedemento de presentación de mocións, rogos e preguntas, que están a cumprir o resto de grupos políticos e concelleiros non adscritos, tamén se falou con vostede. Por ética e igualdade debería deixalas para o próximo pleno.

Solicita intervir o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que a ética debemos tela todos. O BNG na medida do posible sempre intenta rexistrar as mocións, rogos e preguntas o venres anterior. Pero tamén cando o goberno municipal presenta declaracións institucionais e outras cuestión un día antes ou o mesmo día pola mañá tampouco o consideramos xusto. Ou todos seguimos as mesmas regras ou non podemos andar así.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que cando se iniciou a tramitación electrónica dos plenos, pedíuselle a todos os grupos políticos e concelleiros non adscritos que presentasen telematicamente a documentación para o pleno. Empezou a Sra. Martínez Candal, despois o BNG, de seguido UxO e faltaba o PSOE. Como é o único que non o fixo por iso lle piden que as deixe para a próxima sesión, non é por unha cuestión de prazos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que tamén queren dar a queixa nese sentido. Unha declaración institucional é algo o suficientemente seria para que se poida estudar uns días antes, manter unha reunión os voceiros. Non lles parece lóxica esta situación.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que o Sr. Vidal Ríos ten toda a razón, pero moitas veces nos vemos apresurados.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que non está nada establecido para a presentación telemática das mocións. Se se aplica estritamente o regulamento municipal, aínda que non as presentou telemáticas si que poderían tratarse. Esta maña plantexouselle ao PSOE que as retirase, tampouco o grupo de goberno preparou unha argumentación para o debate da moción.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo de goberno, que sinala que se se lle esixe a todos os grupos unha forma de presentación, non se pode facer unha excepción.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 27

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que mentres no regulamento orgánico non haxa unha modificación da regulación das mocións non se pode esixir a presentación telemática.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que o regulamento orgánico non se modificou para a presentación telemática das mocións, rogos e preguntas. So hai un acordo que se fixo cos grupos políticos. De acordo co regulamento orgánico a moción esta ven presentada.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que non lle importa deixalas sobre a mesa para o seu estudo. Intentará resolver os problemas de presentación telemática, intentará falar co informático municipal.

9. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Esta Agrupación Socialista recibiu queixas de veciños respecto ás dimensións das novas prazas de aparcamento da Ora. Para moitos veciños as prazas resultan pequenas, coa dificultade que conleva de aparcar, saír e entrar do vehículo.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Facer un muestreo para comprobar as dimensións reais das prazas de aparcamento e informar se se axustan á lexislación.

Intervén a Alcaldesa en funcións, que sinala que entende que se axustan a lexislación, moita xente pensa o contrario, que son moi grandes e que non hai espazo na rúa para aparcar. Farase unha comprobación.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na travesía do Mirón, levouse a cabo recentemente unha pavimentación con formigón.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 28

Esta actuación non se pode considerar que garda o debido respecto ao urbanismo, se non que perpetua e consolida o que nesta materia, por desgraza, foi sempre Ordes, un total caos.

Na vez de darlle continuidade á beirarrúa tal e como esta realizada no resto da travesía, pavimentouse todo con formigón, sen respectar nin tan sequera o trazado da recollida de pluviais.

Esta actuación significa que para o alcalde existen veciños de primeira e de segunda, xa que noutras rúas, o concello non optou por este modelo de urbanización.

O mais curioso é que mentres a algúns promotores privados se lles esixe a disposición dun determinado pavimento con bordos de cantería, o goberno municipal fai o que lle peta en actuacións como a que estamos a denunciar, dando un penoso exemplo.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que nos explique os motivos polos que se optou por esta solución na travesía do Mirón.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que agarda que as pluviais estean perfectamente resoltas e coas conexións das baixantes executadas, que antes vertían á vía pública. En canto á solución adoptada tras comprobar os anchos do lugar e os accesos aos múltiples garaxes con diferentes pendentes pode darse conta que o idóneo é buscar unha solución práctica e duradeira e que non provoque co paso do tempo ter baldosas rotas e continuamente levantadas. Non será todo o estético que a vostedes lle guste, pero resolveuse unha necesidade nun punto da vila que levaba anos agardando unha solución. En canto se poda procederase á correcta sinalización horizontal con pintura no lugar.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que non hai nada que impida facer a beirarrúa como no resto da rúa. Tampouco ve que alí as baldosas estean rotas. Nas fotografías vese que non hai problema de ningún tipo. Isto responde a unha cuestión de querer facer as cousas ben ou non. Saben que alí había unha necesidade e que había que actuar, pero a mesma esixencia que se fan aos promotores privados cando urbanizan ás fronteiras, tamén debe ser nas actuacións do concello. É perfectamente, mirando de fronte o lateral dereito podería ter a mesma continuación da beirarrúa co resto da rúa e solventaríase máis lóxicamente esta situación. Queren mostrar as queixas nese sentido.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que vendo os anchos da rúa non é unha solución sinxela.

- Nas inmediacións da entrada ao punto limpo hai unha serie de tullas que presentan un tamaño bastante esaxerado.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

Que se adopten as medidas oportunas para que se poden un pouco, se rebaixe o grosor



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 29

máis a altura.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que se toma en consideración.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- En relación ao servizo de atención a dependentes que se está a prestar pola mancomunidade.

¿Que empresa ou empresas están a xestionar o servizo?.

¿Cantas persoas están a recibir atención?.

¿Existen persoas que demandasen o servizo e non fosen atendidas?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de servizos sociais, que sinala que as empresas que prestan o servizo de axuda no fogar son: SAF de dependencia e SAF libre é Aralia Servicios Sociocomunitarios xestión do SAF Mancomunidade, a xestión de libranzas do SAF que elixen os usuarios é Endeben, S.L. e M3. As persoas beneficiarias do SAF dependencia do PARSAF son 53, as persoas en agarda de asignación de recursos 7, as libranzas de SAF beneficiarias 29, as pendentas de concesión de libranza 19, as do centro do día 4. As pendentas de resolución de libranza 3. As libranzas por coidado no entorno familiar 83 e pendentas de concesión da libranza 13. As libranzas para residencias privadas 5, as libranzas de residencias públicas 20. Xestionamos 3.300 horas mensuais, 39.600 horas anuais.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pregunta se escolle as empresas a xente.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que depende, no SAF de dependencia que xestiona o concello si, hai algún SAF no que queren elixir eles os coidadores. Na libranza de SAF pódese elixir, hai alternativas para elixir empresa, centro de día, residencia, ...etc.

- En relación aos parques eólicos.

¿Cantos se atopan en tramitación que afecten ao noso concello?.

¿Ten constancia de novos proxectos para a implantación dun parque eólico no Concello de Ordes?.

Intervén a Sra. Alcaldesa en funcións, que sinala que a única constancia que se ten é Inxerio e Solpor. Pódese consultar na web da Consellería de Industria os plans que hai en tramitación, a cal é pública. Ao rexistro do concello ninguén lle trasladou nada, nin empresas, nin organismos supramunicipais, agás a petición da prospección arqueolóxica do Monte Inxerio notificada telematicamente dende a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura. Dende a Consellería de Industria informan que ningún destes parques están pensados para estar



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA N° 30

executados na previsión 20-20. De todo isto deuse información á Plataforma coa que se ten contacto de forma continuada.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

A ALCALDESA EN FUNCÍONS

O SECRETARIO